

DiariodeFerrol.com

Os Melidaos presentan no Toxos e Froles o seu primeiro disco con voces

redacción ferrol - Actualizado 23 Enero 2013 - 02:00 h.



Fotografía promocional do grupo tradicional Os Melidaos, que actuarán en Ferrol o sábado

O grupo de música tradicional Os Melidaos presentará este sábado no Toxos e Froles o seu segundo disco, “Axudádeme a cantar”, donde introducen as voces dos seus membros, acompañando ós instrumentos musicais tradicionais.

O grupo de música tradicional Os Melidaos presentará este sábado no Toxos e Froles o seu segundo disco, “Axudádeme a cantar”, donde introducen as voces dos seus membros, acompañando ós instrumentos musicais tradicionais. O concerto de Ferrol será o primeiro que fagan fóra de Melide despois de presentar na súa casa este traballo, o pasado 30 de decembro.

Inauguran así o ciclo de concertos mensuais que organiza o coro

Esta actuación inaugura o ciclo Concertos no Toxos, unha proposta coa que o coro decano de Galicia quere propoñer actividades mensuais na súa sede. De feito, hai poucas semanas os cantareiros Maghúa presentaban o seu disco novo e tamén se celebrou o concurso de dúos de gaita e percusión para rapaces. A intención da directiva que encabeza Arturo Lamas é a de que distintos grupos vencellados coa música folk poidan dar a coñecer o seu traballo na cidade a través desta vetera entidade.

Os Melidaos gravaron o seu disco nos estudos Abrigueiro, en Friol. Inclúe catorce pezas, algunhas compostas por eles mesmos e outras tomadas do cancionero tradicional. Varias delas son cantadas, algo que non sucedía no seu primeiro álbum, “Que ben baila, que ben baila”. O grupo formouse no ano 2001 unindo músicos de diferentes

xeracións.

Puede ver esta noticia en [www.diariodeferrol.com](http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/os-melidaos-presentan-no-toxos-e-froles-o-seu-primeiro-disco-con-voces/20130122235958029530.html): <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/os-melidaos-presentan-no-toxos-e-froles-o-seu-primeiro-disco-con-voces/20130122235958029530.html>

© 2005-2011 Diario digital Diario de Ferrol

Queda prohibida la reproducción total o parcial. Todos los derechos reservados.